



**Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e
Historia**

Facultade de Historia
Universidade de Vigo



Facultade de Historia
Universidade de Vigo

**Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia
(Fac. de Historia, UVigo, Campus de Ourense)**



1. Descrición de medidas previstas que permitan unha revisión da titulación na que se produzan cambios significativos na demanda por parte da sociedade, dos estudantes e do entorno económico e profesional.


No curso 2009-2010 implantouse o Grao en Xeografía e Historia na Facultade de Historia da Universidade de Vigo, sita no campus universitario de Ourense. Nese momento a previsión de prazas que se contemplaba na Memoria era de 30, cifra factible de acadar mesmo tendo en conta a baixada xeneralizada de demanda que se viña constatando nos estudos universitarios no conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia, debido á progresiva baixada da taxa de natalidade.

No ano 2011 a Xunta de Galicia emitiu un decreto (art. 6, Decreto 222/2011)¹ no que se fixaba para todos os graos dos campus universitarios, un número mínimo de estudantes: os centrais galegos deberían acadar os 50 estudantes e os dos campus periféricos, como de feito o é o de Ourense, dependente da UVigo, os 45. Ó remate do primeiro trienio do mencionado decreto, as titulacións que non acadaran as número de estudantes requirido, deberían presentar para a súa avaliación un plan de viabilidade.

En previsión a esta circunstancia, a comezos do pasado curso 2013-2014 iniciouse un debate na Facultade de Historia sobre as posibles vías para mudar a situación e incrementar o número de estudantes matriculados. A primeira conclusión que se chegou foi o mantemento do título, xa que é o único que se imparte con dita denominación no SUG, resultando por iso singular para a sociedade galega. A oferta académica máis próxima procede da USC, pero cun enfoque moi especializado, ó tratarse dos tres graos en Historia, Historia da Arte e Xeografía. Partindo desta base pensamos en desenvolver unha serie de reformas no título xa en vigor con dúas finalidades:

1.º Mellorar a oferta formativa a partir da experiencia xa acadada previamente no grao, ampliando a materia de prácticas (ampliación de 6 créditos ECTS a 12) e cambiando o seu carácter de optativo a obrigatorio.

¹ http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111209/AnuncioC3F1-051211-9522_gl.html




2.º Ofertar, xunto á docencia presencial habitual, unha nova vía semipresencial que permita cursar os estudos dende a distancia, coa singularidade de manter unha atención personalizada a través da avaliación continua e un trato directo co persoal docente encargado de efectuar o proceso de avaliación. Esta semipresencialidade estaría dirixida a un perfil estudantil diferente e complementario do actual, constituído na súa meirande parte por profesionais que no seu momento declinaron realizar estes estudos por motivos dispares, pero que mantiveron a intención de cursalos; ou ben outros que por razóns de residencia, familiares ou laborais (principalmente aqueles/as alumnos/as que, debido á actual conxuntura económica, se vexan na obriga de simultanear un traballo cos seus estudos universitarios) tampouco poden asistir con regularidade ás aulas. En ambos os dous casos trátase de colectivos que buscan na obtención do título unha formación en contidos históricos, artísticos e xeográficos que enriqueza e diversifique o seu coñecemento, e contribúa a desenvolver o seu espírito crítico, así como o respecto pola diversidade e a tolerancia.

2. Previsión da demanda de matrícula como media do número de matriculados de novo ingreso igual ou superior a 45 (art. 6, Decreto 222/2011)

A media resultante para os cursos académicos de 2012-2013, 2013-2014 e 2014-2015 acadou no Grao en Xeografía e Historia, o valor de 35. Para superar este diferencial negativo sobre a media oficial vixente para o SUG na demanda de matrícula de alumnos/as de novo ingreso (45), optouse por unha remodelación parcial do grao, aprobada pola Xunta de Facultade en 30/09/2013, e acreditada pola ACSUG. Nesta remodelación maniféstase a aposta pola complementariedade entre a docencia presencial e a de carácter semipresencial, xa que esta segunda permite ampliar, tal e como indicamos no apartado 1., o abanico de potenciais interesados/as en se matricular neste grao coa súa correspondente repercusión positiva nos resultados previstos para a evolución da matrícula de novo ingreso.

A previsión dos resultados que estimamos en base ós indicadores do SID dos cursos 2010-2013, tendo en conta tanto a media da ratio de prazas demandadas e ofertadas (124,67%), como a dos índices de variación de matrícula de novo ingreso (120,16%), nos sitúa nunha perspectiva razoablemente optimista de cara a superar dito



diferencial e acadar o número mínimo de 45 estudantes nos cursos académicos vindeiros.


3. Evidencia dunha capacidade docente e investigadora (en termos de persoal docente estable)

O profesorado encargado de impartir dito Grao en Xeografía e Historia amosa unha capacidade docente e investigadora axeitada para o desenvolvemento eficiente tanto da docencia da titulación como das tarefas vinculadas á investigación. Na Táboa n.º 1 recóllense a xeito de resumo algúns datos de relevo sobre ambos os dous apartados que pasamos a comentar a continuación.

Táboa n.º 1. Profesorado en activo que imparte docencia no Grao en Xeografía e Historia da UVigo (curso 2014-2015)

Categoría académica	n.º	Vinculación coa UVigo	Dedicación	Doutores	Quinquenios	Sexenios
Catedrático	1	Permanente	Total	1	6	5
Titular	11	Permanente	Total	11	41	21
Contratados Doutores	2	Contratación	Total	3	7	2
Asociados	2	Contratación	Parcial	2		

Todo o profesorado que imparte docencia no grao ten o título académico de doutor, sendo maioritarios entre estes/as os/as profesores titulares de universidade (68,75%). O número de quinquenios docentes recoñecidos polo persoal funcionario (catedrático e profesores titulares) e os profesores contratados doutores en conxunto é de 54, que equivale a unha media de 3,85 por cada un deles/as, representando a maioría aqueles/as que teñen entre 2 e 5 quinquenios (70,6%). Tal como se recolle na memoria do grao, o 82,35% (catro quintas partes do total) dedícanse exclusivamente a impartir docencia en dita titulación e outro idéntico 82,35% ten acumulada unha experiencia docente universitaria superior ós 10 anos.




No que se refire á capacidade investigadora, o profesorado a tempo total (15) acumula en conxunto 28 sexenios, cunha media de 2 por cada un deles/as. Cómpre salientar dous datos: o 76,5% dos/as mesmos/as contan con polo menos un sexenio recoñecido (isto é, catro quintas partes do total), e superan os 3 ou máis o 28,5%.

4. Exposición de medios materiais axeitados

O Grao en Xeografía e Historia impártese na actualidade na Facultade de Historia. A orixe desta facultade atópase na de Humanidades, así mesmo pertencente á UVigo e inaugurada en 1990 logo do decreto de segregación da Universidade de Santiago de Compostela e a conseguinte creación do SUG. Varias das titulacións que se impartían nesta Facultade de Humanidades constituíron en outubro de 2001 a Facultade de Ciencias da Educación, no mesmo Campus de Ourense, ficando a primeira delas coa única titulación de Historia, polo que en xullo de 2004 cambiou a súa denominación pola de Facultade de Historia.

A Facultade de Historia comparte pois a súa situación e os seus recursos materiais e de servizos coa Facultade de Ciencias da Educación no “Edificio de Facultades”, os cales adecúanse para o desenvolvemento dos obxectivos e as competencias contempladas no plano de estudos do Grao en Xeografía e Historia. As infraestruturas –nas que se suprimiron as barreiras arquitectónicas para facilitar o acceso de todos/as os/as posibles usuarios/as (segundo o protocolo do Decreto 35/2000 de Accesibilidade e Supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia)– e os recursos materiais que contén este edificio son os axeitados para impartir o grao, e garanten o funcionamento dos servizos correspondentes ás ensinanzas que aquí se imparten.


A Facultade de Historia dispón de 5 aulas (1 con 104 asentos e 4 con 64 cada unha) dedicadas ás actividades docentes do grao, todas elas dotadas de pizarra tradicional, equipos informáticos e proxección analóxica e dixital para presentacións multimedia (PC, pantalla, canón de vídeo, televisión e DVD) e conexión á Internet. Nelas desenvólvense as sesións expositivas (clases maxistras), sesións interactivas (clases prácticas, traballos en grupo, presentación e exposicións de traballos por parte do alumnado, seminarios), actividades de divulgación científica (seminarios, cursos e



cursiños) e probas de avaliación vinculadas á docencia do grao. A facultade tamén ten unha aula de informática (1.º andar do “Edificio Facultades”) con capacidade para 30 usuarios (incluíndo o/a docente e o/a bolseiro/a) e dotada con 31 equipos informáticos para o desenvolvemento de actividades prácticas relacionadas coa docencia, como así mesmo para facilitarlles a estes/as o acceso ás novas tecnoloxías e a impresión a baixo custo. De feito, esta aula de informática dispón dunha fotocopiadora-impresora de alta calidade con conexión a todos os equipos informáticos do persoal académico e administrativo do centro. Así mesmo o edificio está dotado dunha sala de estudo (1.º andar do “Edificio Facultades”) con capacidade para 268 usuarios distribuídos en 67 mesas con 4 cadeiras cada unha e conexión á Internet, que os/as estudantes empregan para o estudo e a lectura.

Tamén forman parte desta relación de medios materiais do centro, os Servizos Informáticos de Investigación da UVigo, a sala de Videoconferencia habilitada na propia Facultade de Historia (andar 2.º do “Edificio Facultades”), os Servizos de Teledocencia, imprescindibles tanto para a docencia presencial como para a semipresencial e o equipo de eMeeting Campus do Mar (que empregamos para o máster).


Na actualidade a facultade dispón de 6 laboratorios docentes de prácticas que se dividen en función das distintas áreas de coñecemento das materias que se imparten no grao: laboratorio de Xeografía, laboratorio de Historia da Arte e Cine, laboratorio de Arqueoloxía, laboratorio de Prehistoria e Historia Antiga, laboratorio de Historia Medieval e Ciencias e Técnicas Historiográficas, e laboratorio de Historia Moderna, Contemporánea e de América. Estes laboratorios sitúanse no 3.º andar do “Edificio Facultades” e no soto do Pavillón 2.º do campus. Estes 6 laboratorios contan con equipos informáticos completos, conexión á Internet, material audiovisual, cámaras analóxicas e dixitais, xunto con materiais específicos e axeitados ás áreas correspondentes (p. ex.: lectores de microfilme, material cartográfico, fotográfico, arqueolóxico...), que facilitan a realización de seminarios e clases prácticas, e apoio ós/ás estudantes na elaboración de traballos de xeito especializado con cada unha das distintas áreas de coñecemento cuxos contidos se imparten no grao.



A facultade comparte dous espazos reservados para actividades de divulgación científica. O primeiro deles é o salón de graos (4.º andar do “Edificio Facultades”), dotado de mesa presidencial, capacidade para 40 asentos e dotado de equipos informáticos e proxección analóxica e dixital para presentacións multimedia (PC, pantalla, canón de vídeo, televisión e DVD) e conexión á Internet, que se emprega para a lectura e defensa de teses de doutoramento e de licenciatura, para tribunais de concurso-oposición e para a celebración de actividades de divulgación científica (seminarios, cursos e cursiños). Así mesmo, en segundo lugar, a aula multiusos (soto do “Edificio Facultades”), cunha dotación semellante á do salón de graos, ten unha capacidade maior que ascende a 205 asentos (124 butacas con pala e 81 cadeiras con pala) e tamén se utiliza para a celebración de actividades de divulgación científica (seminarios, cursos e cursiños) e como salón de actos (recepción e benvida ós/ás estudantes de primeira matrícula no inicio de cada curso académico, e celebración de actos oficiais de graduación dos/as egresados/as).

A Biblioteca Central do Campus Universitario de Ourense alberga na actualidade os fondos bibliográficos da facultade (con máis de 50.000 monografías, varios paquetes de libros electrónicos, 200 publicacións periódicas impresas en papel e outras 100 máis en soporte dixital).

Para a realización das Prácticas Externas dos/as alumnos/as do Grao en Xeografía e Historia, a Facultade de Historia ten asinados convenios con diversas entidades e empresas galegas: Xunta de Galicia (Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Centro de Interpretación do Arte Rupestre de Campo Lameiro, Instituto de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia e diversos Institutos de Ensino Secundario), concellos de Allariz, Celanova, Ourense, Parada de Sil, Pontearreas e Tomiño, Deputación Provincial de Ourense, empresas (Breogán Arqueoloxía, Terra Arqueos) e outras institucións culturais e educativas (Colexio Guillermo Brown, Fundación Penzol, Fundación Coren, Fundación Curros Enríquez, Arquivo Histórico da Catedral de Ourense, Asociación Cultural Banda de Música de Ribadavia, Padreado do Museo do Pobo Galego e o CESGA); ademais do acordo interno coa Biblioteca da UVigo. Estas prácticas




realízanse nas instalacións dos organismos con quen mantemos os convenios, sendo todas elas axeitadas para o traballo que nelas desempeñan.

5. Taxas previstas de Graduación, Abandono e Eficiencia

Tendo en conta os valores acadados nos cursos 2011-2012, 2012-2013 e 2013-2014, e as metas a curto prazo para cada un deles, fixadas no novo Manual de Calidade da Facultade de Historia –que imos tomar como referentes das taxas previstas–, os resultados sitúannos nunha liña moderadamente optimista. No que se refire á Graduación, tan só se dispoñen das taxas relativas ó curso 2013-2014, cun 22,73%. A meta asignada no Manual de Calidade sobre a base do incremento que experimentou a matrícula da materia de TFG, neste curso 2014-2015, permítenos estimar unha taxa de Graduación do Grao en Xeografía e Historia sitúase en 45%.

No que se refire á taxa de Abandono (relación porcentual entre o número de estudantes de novo ingreso que deberon graduarse no ano académico anterior e que non se matricularon nese ano académico nin tampouco no anterior), nos pasados dous cursos 2012-2013 e 2013-2014 situouse de xeito continuado o seu valor en menos dunha quinta parte dos/as alumnos/as, cambiando moderadamente a tendencia no valor que este mesmo indicador presentou na meirande parte dos cursos académicos precedentes. Isto, non só no que atinxe ó grao, senón tamén á licenciatura que se viña impartindo no noso centro, nos que case nunca se logrou baixar da quinta parte, sendo frecuente que esta chegase a representar entre un cuarto e mesmo un terzo do total. Pese a que aínda non estamos en condicións de poder determinar se esta baixada moderada e continuada obedece a unha conxuntura ou, pola contra, vaise consolidar nos vindeiros cursos, cremos que o previsible aumento da taxa de Graduación vai incidir positivamente na tendencia cara ó descenso do Abandono. De feito, na meta fixada pola Comisión de Calidade, este indicador sitúase en 15%.

En terceiro lugar, os valores que presenta a taxa de Eficiencia (relación entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse os/as estudantes nos catro cursos do grao e o número total de créditos no que estes/as se matricularon realmente) para os cursos 2012-2013 e 2013-2014, os únicos para os cales




dispoñemos de datos, permite obter unha media de 95,15%. Trátase dun valor elevado, e a estimación prevista conforme á meta fixada no Manual de Calidade sitúase en 93%.

6. Ten carácter esencial ou estratéxico para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do SUG

O valor xenérico e o prestixio do Grao en Xeografía e Historia está académica e socialmente ben recoñecido. Por unha banda, os contidos e planificación da ensinanza proporcionan ós/ás estudantes unha serie de competencias que integran o nivel de coñecementos (saber), o de capacitación en habilidades e destrezas (saber facer) e o de formación en actitudes e valores (saber ser e estar). Por outra banda, a estrutura do título resposta a un carácter xeralista, á vez que amplo e profundo en contidos, co obxecto de proporcionarlle ós/ás estudantes unha formación completa e versátil, sumando coñecementos xerais básicos e coñecementos transversais relacionados coa súa formación integral, xunto a coñecementos e capacidades específicos orientados cara á súa incorporación ó ámbito laboral.

Na liña doutros títulos universitarios recoñecidos nas universidades europeas, debido a que integra as disciplinas da Historia, a Historia da Arte e a Xeografía (que combinan os ámbitos das Humanidades cas Ciencias Sociais), o grao pode contribuír a dotar ós/ás alumnos/as dunha ampla serie de competencias específicas. Isto debe ser posto en relación co carácter transversal destas tres disciplinas científicas, cunha longa e ben consolidada tradición académica tanto no eido estatal coma no da nosa Comunidade Autónoma, xunto coa capacidade que os/as especialistas en cada unha delas posúen para dar conta de algunhas das realidades culturais propias do noso tempo. O coñecemento do noso pasado histórico e a análise territorio-tempo-cultura permiten acceder ás ferramentas analíticas e conceptuais necesarias para coñecer e analizar dun xeito reflexivo e crítico á actividade da humanidade en épocas históricas pasadas e presentes. Así mesmo proporciona un coñecemento rigoroso dos valores humanos e principios éticos sobre os que se asenta a nosa sociedade actual. Academicamente, o grao proporciona unha formación básica en contidos interdisciplinares relativos ao coñecemento das estruturas do pasado histórico nunha perspectiva diacrónica, a importancia das coordenadas espazo-temporais no desenvolvemento das civilizacións, e




as interrelacións xeográfico-culturais que garanten a formación integral e completa do alumnado. A formación en contidos instrumentais, así como en ámbitos temáticos e territoriais específicos lévase a cabo a traveso de materias obrigatorias e optativas, e a formación en coñecementos prácticos-académicos mediante prácticas titorizadas externas, cuxa carga en créditos ECTS foi duplicada na remodelación do grao (de 6 a 12), á vez que se deben cursar como materia obrigatoria.

7. Xustificación de adaptación á estrutura económica da Comunidade Autónoma, ás necesidades do seu mercado laboral, á existencia dunha demanda real e á procura da incorporación de perfís profesionais de futuro vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia.


Os contidos teóricos e prácticos que se imparten no Grao en Xeografía e Historia, nos que predomina a perspectiva multidisciplinar pola confluencia das disciplinas da Historia, a Arte e a Xeografía, capacitan ós/ás seus egresados/as a optar a un amplo abano de saídas profesionais cun nivel de competitividade semellante ó que se pode acadar nos demais estudos de grao especializados nunha soa das mencionadas disciplinas que se imparten na actualidade no ámbito do SUG.

Tomando en consideración os datos elaborados e publicados polo Instituto Galego de Estatística para o conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia, e máis en particular os relativos ás provincias de Ourense e Pontevedra, que salientan en primeiro termo o peso destacado que lle corresponde ó sector servizos no mercado laboral galego (datos relativos a decembro de 2014), co primeiro posto seguido da industria –segundo posto–, e, en segundo termo, atendendo neste caso á condición xurídica das empresas galegas (datos relativos a 2013) no que queda manifesto o peso das sociedades limitadas no seu tecido empresarial, ó cal lle corresponde o segundo posto despois das persoas físicas, os/as egresados/as do grao están en condicións de aspirar a acceder a postos de traballo nos servizos educativos, ben nas institucións que dependen da administración autonómica, ben en centros privados e concertados, ben en academias privadas; tamén a desempeñar postos nos servizos da administración (nos seus diversos niveis municipal, provincial, autonómico e estatal); a seguir a carreira da investigación pura, que permite resolver problemas dedicados en exclusiva ó progreso ou á busca de novos



coñecementos, tendo en conta a premisa de que ningún país pode aspirar a dispoñer dunha ciencia independente se non conta con investigadores/as puros/as; e a se incorporar ás empresas especializadas en actividades ligadas á documentación, á xestión e dinamización do patrimonio cultural e á comunicación audiovisual, unha liña de forza, recoñecida como tal, polos organismos internacionais (UNESCO). O mencionado perfil multidisciplinar do grao contribúe a preparar ós/as seus estudantes a dispoñer dunha preparación que os/as capacita para a súa integración en ditas ofertas procedentes do mercado laboral, cuestión que foi recentemente referendada polo elevado número de convenios que asinou a Facultade de Historia, durante os cursos 2012-2013 e 2013-2014, con diversas institucións e empresas galegas para o desenvolvemento das prácticas externas por parte do alumnado (véxase dita relación en detalle no apartado 4. do presente plan de viabilidade).

Máis especificamente, a gran riqueza en variedade e volume do patrimonio histórico, artístico, arqueolóxico –relativo a todas as épocas– e natural, territorial e paisaxístico con que conta a nosa comunidade autónoma, e de xeito particular nesta provincia de Ourense, permite establecer unha relación directa entre os estudos universitarios do Grao en Xeografía e Historia co mercado laboral, xa que contribúe a abrir e consolidar unha nova vía de profesionalización ante a crecente consideración que as diversas institucións, fundacións, grupos de desenvolvemento rural, asociacións e empresas galegas (no ámbito do horizonte 2020 europeo) lle teñen outorgado ó legado cultural e natural como recurso dotado de valor económico e estratéxico. A demanda por parte da sociedade actual e dos/as estudantes e as saídas profesionais no ámbito da conservación, protección, xestión e difusión sostible da diversidade do devandito patrimonio, xunto co resto de actividades relacionadas co ocio (alfabetización científica, educación ambiental, actividades recreativas...) de fundamental importancia para o desenvolvemento das áreas da Galicia meridional permiten ofertar un horizonte amplo de cara á integración no mercado laboral dos/as nosos/as futuros/as graduados/as, máxime se temos en conta que este se integra no sector económico máis dinámico a escala estatal e europea. Así, a constante expansión das actividades económicas relacionadas con dito patrimonio histórico, artístico, arqueolóxico e natural, a necesidade normativa de realización de intervencións arqueolóxicas, a aplicación de




normativas de ordenación do territorio e o turismo que requiren accións de adaptación e innovación de calidade, xeran unha constante demanda da utilidade dos contidos teóricos e prácticos que, procedentes das tres disciplinas científicas da Historia, a Arte e a Xeografía, se imparten no Grao en Xeografía e Historia.

Xunto a esta rendibilidade económica, o grao presenta unha acaída rendibilidade social, que se corresponde cunha das directrices fundamentais dos estudos universitarios que nunca debemos esquecer. A formación humanística é imprescindible para o desenvolvemento do –tan necesario– espírito crítico que permite a mellora continua dos valores da sociedade, así como o respecto pola diversidade, non so para as novas xeracións, senón tamén para un importante abano de alumnado que desexa complementar ou adquirir unha nova formación.

8. Ten un deseño curricular que favorece a empregabilidade

A xa comentada multidisciplinariedade e polivalencia do Grao en Xeografía e Historia, que se manifesta claramente no seu deseño curricular, favorece a empregabilidade dos/as egresados/as para un amplo abano de saídas profesionais, cun nivel de competitividade parella –e, en determinados ámbitos superior, como é o caso da formación para o exercicio da docencia Secundaria e da profesión regularizada de Guía Turístico– aos títulos cun perfil máis marcado de especialización que o noso. A través das competencias adquiridas no grao (relativas ó nivel de coñecementos, a capacitación en habilidades e destrezas e de formación en actitudes e valores) os/as egresados/as van estar en condicións de poder competir en diversos ámbitos de cara a súa incorporación ó mercado laboral (p. ex.: centros de educación superior e secundaria, servizos de administración nos seus diversos niveis, e un número significativo de variadas institucións e empresas: medios de comunicación, turismo cultural, protección do patrimonio...).

A mencionada modificación da materia de Prácticas é significativa desta realidade. O proceso continuo de apertura de novos convenios con empresas e institucións é representativo destas posibilidades laborais (véxase o xa mencionado en relación con esta cuestión no apartado 4.), cumprindo dous obxectivos: por unha banda, amosar aos estudantes as diversas vías de empregabilidade e, por outra, facilitar un




contacto directo con algunhas das mesmas. A elevada satisfacción de todos os axentes implicados na súa realización (estudantes, titores externos e titores académicos) reflíctese nas boas cualificacións obtidas durante os cursos 2011-2012, 2012-2013 e 2013-14.

9. Evita a especialidade temperá e excesiva.

Unha das grandes vantaxes que presenta o Grao de Xeografía e Historia e que o distingue respecto a outros títulos próximos do SUG é precisamente o seu espírito integrador e xeneralista –coincidindo co espírito da reforma de Bolonia–, tentando preservar a idea dunha formación transversal en tres disciplinas intrinsecamente relacionadas: a Historia, a Arte e a Xeografía. O obxectivo principal con esta temática é ofertar unha formación que atende aos ámbitos fundametais para comprender e xestionar a xeodiversidade e os múltiples aspectos da realidade histórica. Entendemos pois que a presenza desas tres disciplinas científicas outorga unha visión máis ampla dos acontecementos, territorios e manifestacións artísticas de diferentes culturas en diversos contextos e épocas históricas.

Deste xeito a nosa oferta formativa contempla a Historia Universal, dende a Prehistoria ata a época Contemporánea; a Historia da Arte Universal dende época Clásica ata o mundo Contemporáneo; a Xeografía Física, Humana... Todos estes coñecementos tamén se aplican á península Ibérica e a Galicia. Xunto a estas temáticas, ofértanse materias instrumentais e as Prácticas que consideramos esenciais para esa primeira toma de contacto do alumnado co ámbito profesional. Finalmente, os/as estudantes poden optar por un amplo abano de temáticas á hora de elaborar o seu TFG, acorde coa variedade da oferta docente. Pensamos que esta formación xeneralista é fundamental para obter unha visión global do conxunto dos procesos xeográficos, culturais e históricos. Por outra banda, consideramos que non é antitética ou incompatible coa profundidade dos contidos, pois proporciona ós/as estudantes unha formación tan completa como versátil, xunguindo os coñecementos xerais básicos e transversais que incrementan a súa formación integral, con outros máis específicos, implmentados a través da optatividade, que oferta ademais dun coñecemento específico



da historia e xeografía do territorio propio, materias de intensificación referidas a certas temáticas.


10. Facilita a mobilidade dos estudantes entre as diversas opcións mellorando a eficiencia no uso dos recursos.

Na Facultade de Historia só se imparte un único grao (Xeografía e Historia) que non contempla o desenvolvemento de itinerarios educativos. Non obstante o centro oferta a posibilidade de continuar os estudos académicos con dúas ofertas de posgrao. A primeira consiste no Mestrado de Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural que coordinada a Facultade de Historia e imparte xunto coa Escola de Enxeñaría de Minas, do campus de Vigo, e a Escola de Restauración de Pontevedra. A segunda opción é o Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, de carácter interuniversitario (UVigo, USC e CSIC) que se imparte en Santiago de Compostela (máis información no apartado 17).

11. Favorece a retención de talento no entorno socioeconómico galego.

O contido xeneralista do grao que abrangue dun xeito conxunto e complementario coñecementos de Historia, Arte e Xeografía, proporciona ós/ás egresados/as un perfil específico que ningunha outra titulación de Galicia afín oferta, contribuindo á retención de talento no entorno socioeconómico galego, ó responder a demandas diferentes no mercado laboral non contempladas de xeito específico por outras titulacións do SUG como acontece, por exemplo, no xa indicado ámbito da formación para a docencia en Secundaria.

Outra particularidade que favorece a mencionada retención de talento é a posibilidade que teñen os/as estudantes do Grao en Xeografía e Historia de optar, a través dunha oferta formativa única, ao coñecemento de todas as épocas históricas de Galicia, dende a Prehistoria á Historia Contemporánea, á Historia da Arte e a Xeografía de Galicia. Esta circunstancia, sen dúbida, permite diversificar e ampliar as súas saídas profesionais nun contexto no que, como ademais o é o galego en xeral e o ourensán e pontevedrés en particular, o legado histórico, artístico e arqueolóxico, e a súa abundante riqueza natural, son realidades dadas e demostradas.



12. Fomento do espírito emprendedor e o autoemprego dos egresados.


Logo da elaboración dun exhaustivo regulamento específico da Facultade de Historia sobre o desenvolvemento das Prácticas Externas, e de que se asinasen os convenios cas diversas institucións e empresas xa explicitadas, cumpriuse co obxectivo de facilitarlles ós/ás estudantes unha primeira toma de contacto con diversas actividades relacionadas co mundo laboral, incluídas as iniciativas emprendedoras e de autoemprego: experiencias no campo da docencia, a través de actividades de apoio en centros de Secundaria; no campo da arquivística e documentación, con prácticas en diversos arquivos e bibliotecas; no campo da arqueoloxía, a través de intervencións arqueolóxicas e estudos de materiais; no campo museístico, con traballos de catalogación e no campo do turismo cultural, actuando como intérpretes patrimoniais, etc.

A Universidade de Vigo conta cunha unidade específica para orientar as necesidades e preocupacións dos emprendedores, que tamén atende as súas demandas unha vez graduados. Esta oficina é ben coñecida polos/as estudantes do Grao de Xeografía e Historia, xa que nas sesións de acollida que o centro organiza cada ano na apertura de curso, a responsable da Oficina de Emprendedores do Campus de Ourense participa cunha suxerinte charla orientativa sobre o tema.

13. Axústase a cuestións de innovación docente e investigadora

Unha das principais reformas do Grao en Xeografía e Historia, sobre a que xa se reflexionou, consiste na posibilidade de ofertar unha docencia semipresencial, previa xustificación da imposibilidade de non poder seguir con regularidade a docencia presencial que se imparte de xeito habitual na facultade, para responder á demanda dun sector da sociedade galega con interese por cursar dito grao mentres desenvolve unha tarefa profesional.

A aprendizaxe semipresencial (*blended learning*) aplícase dun xeito específico ó uso de recursos vinculados ás TIC que permiten combinar o *e-learning* (online) ou o *m-learning* (móbil learning) con outros recursos educativos. Estes medios permiten combinar a aprendizaxe online cun compoñente humano, xa que a implicación do e-titor



non ten por que reducirse exclusivamente a un contexto virtual. A e-titorización pode facilitarse como parte do traballo autónomo. Entre as vantaxes que ofrece a aprendizaxe semipresencial destacan: que a relación custo-efectividade se manifesta tanto na institución que oferta esta tipoloxía de formación coma para os/as alumnos/as que se decantan por ela; que facilita unha rápida actualización dos materiais relativos ós contidos das asignaturas que integran o grao; que contribúe a establecer novos xeitos de interacción entre alumno e profesor; e que flexibiliza a planificación e a programación do curso.


De cara á posta en funcionamento desta modalidade de aprendizaxe semipresencial, a Facultade de Historia leva a cabo con regularidade accións formativas desenvolvidas polo Servizo de Teledocencia da UVigo, destinadas ó profesorado que imparte docencia no Grao en Xeografía e Historia.

Recentemente foi asinado un Proxecto Marco de Colaboración coa *Escola Superior de Comunicación, Administración e Turismo de Mirandela*, do *Instituto Politécnico de Bragança*, para o desenvolvemento de accións transfronteirizas, tanto a nivel docente como de investigación.

Respecto á Innovación investigadora unha parte dos/as docentes da Facultade están elaborando proxectos de investigación xunto con áreas de coñecemento moi diferentes ás propias, fomentando a transversalidade investigadora. Así, na actualidade estase a preparar unha solicitude dun proxecto de investigación no marco europeo do “Horizonte 2020”, xunto con membros do grupo Atlantic integrado por investigadores do ámbito tecnolóxico (área de Telecomunicacións). Por outra banda o centro conta con varios grupos de investigación que concorren a proxectos competitivos, a nivel europeo, nacional e autonómico, que se atopan vixentes.

14. Acreditación da viabilidade económica, atendendo aos recursos dispoñibles.

Para non resultar redundantes nos contidos deste documento, non imos insistir nos detalles que se inclúen no apartado 3., referido a unha parte dos recursos humanos (en termos de persoal docente estable) e os se detallan dun xeito pormenorizado no apartado 4., referido ós recursos materias.



Podemos afirmar que as novidades que incluimos na remodelación do Grao en Xeografía e Historia non supoñen en absoluto unha ampliación de recursos económicos, xa que contamos cos medios humanos e materiais axeitados; coa excepción dos que cada ano se renovan para o mantemento, reparacións ou substitucións oportunas, imprescindibles para manter a calidade esixida nos estudos universitarios.


15. Acreditación da non coincidencia de obxectivos nin contidos con outros títulos oficiais existentes na mesma universidade, coa finalidade de evitar a multiplicidade de títulos (non coincidencia do 50% dos créditos)

Como resultado do Decreto de Segregación 3/1990, produciuse a consolidación dos novos graos en Historia, Historia da Arte e Xeografía. No caso da UVigo comezou a se impartir a Licenciatura en Historia en 1993 (cun novo plan de estudos aprobado en 2000) como titulación autónoma no Campus de Ourense.

Na actualidade non existe na UVigo ningún outro grao universitario que contemple a formación que se oferta no Grao en Xeografía e Historia; como moito, constátase a presenza dalgunhas materias específicas a cargo de profesores/as do Departamento de Historia, Arte e Xeografía nalgúns graos que se imparten nos tres campus desta universidade (Vigo, Ourense e Pontevedra), pero representando sempre unha parte moi reducida dos créditos correspondentes ó total de materias que integran estas titulacións. Evítase así a multiplicidade de títulos dentro da UVigo, ó non se dar en ningún caso ningunha coincidencia de obxectivos nin contidos, nin tampouco que poda chegar ó 50% dos créditos noutras titulacións desta mesma universidade. Para identificar afinidades evidentes é preciso tomar en consideración os tres graos diferenciados en Historia, Historia da Arte e Xeografía que se imparten na actualidade na Universidade de Santiago de Compostela, a cuxa situación nos habemos de referir máis polo miúdo no seguinte apartado 16.

16. Xustificación do encadre da proposta dentro da oferta global galega:

Na Universidade de Vigo as titulacións contempladas dentro da rama de Humanidades distribúense equitativamente entre os tres campus. Así no campus de Vigo, integradas na Facultade de Filoloxía e Tradución, ofértanse catro graos



relacionados ca área de Lingüística; no campus de Pontevedra a Facultade de Belas Artes oferta o grao en Belas Artes e no campus de Ourense, tamén, so hai un centro que se inclúe na rama humanística, que é a Facultade de Historia que imparte o Grao e Xeografía e Historia. Esta distribución ofrece un reparto equitativo entre os tres campus da UVigo en absoluto reiterativo ou con contidos semellantes.

No SUG non existe ningún outro grao en Xeografía e Historia, polo tanto ningunha titulación que recolla conxuntamente as ensinanzas de Historia, Arte e Xeografía.


As afinidades máis evidentes son as presentadas polos tres graos de USC en Historia, Historia da Arte e Xeografía. Outros graos que se relacionan ca rama de Humanidades, presentan poucas materias comúns, referímonos ó Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (USC-Campus Lugo) e o de Humanidades (UDC- Campus Ferrol). En ningún destes casos hai unha coincidencia superior ó 50% dos créditos en materias nin en obxectivos.

17. Vinculación cas titulacións de máster e doutoramento existentes.

A Facultade de Historia conta cunha participación global coherente na que, xunto o grao de Xeografía e Historia, se inclúen diversas ofertas de estudos de Posgrao.

Actualmente é o centro de adscrición do *Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural*, promovido dende tres centros educativos de Galicia: a Facultade de Historia (Ourense), a Escola de Enxeñería de Minas (Vigo) e a Escola de Conservación-Restauración de Bens Culturales (Pontevedra), o que permite establecer relacións transversais con outros ámbitos de coñecemento, e promover unha formación base multi e transdisciplinar. Esta oferta está vinculada ao Programa de Doutoramento en *Protección do Patrimonio Cultural* da Universidade de Vigo, que constitúe tamén o marco ideal de formación investigadora para os egresados do centro.

Tamén participa do Mestrado Interunivesitario (UVigo, USC e CSIC) *Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade*, e a acreditada experiencia do noso profesorado xunto coa súa vocación docente e formativa, o leva a estar presente, así mesmo, no *Mestrado de Secundaria*.




18. Fomento da utilización das TIC e novas tecnoloxías

A posta en funcionamento da modalidade de docencia semipresencial no Grao en Xeografía e Historia é unha clara aposta polo fomento das TIC por parte da Facultade de Historia. Tal como se indicou no apartado 13., todo o profesorado que imparte docencia no mencionado grao realiza con regularidade accións formativas desenvolvidas polo Servizo de Teledocencia da UVigo e por outras institucións de acreditada experiencia neste eido. Así mesmo, tamén se estableceu un calendario que, comezando no actual curso 2014-2015 polo curso 1.º do grao, ten como obxecto ir deseñando progresivamente na plataforma Moodle os cursos virtuais de todas as materias correspondentes ós catro cursos do grao, para permitir o seguimento da docencia dos/as alumnos/as que estean en condicións de se acoller á dita modalidade semipresencial.

Nesta mesma liña, o pasado curso 2013-2014 acometéronse as obras de remodelación dunha aula sita no andar 2.º do “Edificio Facultades” para poder impartir e gravar clases impartidas a partir de videoconferencia.

En relación a estes novos campos da “Historia”, o noso centro está a desenvolver un proxecto de dinamización e adaptación da nosa disciplina aos novos escenarios e tempos, dentro dun contexto de reforma na que os/as docentes actúan como xestores da aprendizaxe.

Este proxecto está a materializarse a través de organización e difusión de diversas actividades, coas que se pretende visibilizar as distintas facetas profesionais, e o perfil laboral dos/as estudantes da nosa facultade na sociedade actual, e que son proxectadas e compartidas tamén a través dos espazos virtuais, das redes sociais e das plataformas dixitais. Desde xeito, iniciamos no curso 2011-2012 o ciclo “A Historia no Medio”, difundido a través da canle da UVIGO-TV, para reflexionar sobre o papel de Historia nos medios de comunicación e a construción do seu discurso. No curso 2012-2013, o interese foi dirixido aos novos perfís profesionais con outros ámbitos de coñecemento, e en contextos de recente creación. No curso 2013-2014, o tema estivo relacionado co establecemento de vínculos co exterior, tanto dende as TIC como dende o contexto social. Finalmente, no curso 2014-2015, focalizamos de novo o interese na



Innovación Educativa e a creación de vínculos entre as aulas e a sociedade, tanto a través das TIC como doutros recursos e xeitos de traballo.

19. Incardinación en redes internacionais de Calidade


A Facultade de Historia ten establecido protocolos internacionais con diversas finalidades. En primeiro termo, os convenios con diversas universidades europeas (Francia, Polonia, Italia, Portugal e Turquía) permiten o intercambio de estudantes no marco das convocatorias Erasmus plus, cunha importante repercusión no grao, apreciándose un incremento, especialmente no número de estudantes propios.

Outro contexto activo, nas relacións internacionais, son os convenios que a Universidade de Vigo mantén con Universidades Iberoamericanas e que permiten ós estudantes realizar estancias neses países. Tamén neste ámbito o centro obtén unha resposta moi positiva e en incremento.

É preciso destacar que estas estancias tamén se estenden ós/ás docentes (propios e alleos) tanto no marco europeo, como iberoamericano.

Un terceiro punto é ten como obxecto o desenvolvemento de prácticas formativas curriculares do alumnado en diversos centros. Así temos asinados convenios de Cooperación Educativa co *Programa Patrimonio para el Desarrollo de la AECID en Perú AECID, Restauradores Sin Fronteras (A-RSF)*, orientados a dotar ao alumnado dunha base de coñecemento empírico elemental para afrontar o traballo en programas que perseguen a creación de riqueza e a mellora das condicións de vida da poboación con menores recursos, a través da posta en valor e a xestión sostible do patrimonio cultural. Ademais ten acordos con outras entidades máis específicas, como *Laboratorio di Diagnostica - Politecnico di Milano - Scuola di Architettura Civile* (Italia), ou o *Museo das Tumbas Reales de Sipán*. para elaboración das prácticas curriculares no mestrado.

A Facultade de Historia participa activamente no marco do Campus da Auga, unha das apostas da Universidade de Vigo pola especialización e singularidade, nos seus respectivos campus, na investigación e docencia, cunha clara vocación internacional.



Os grupos de investigación vinculados ó noso centro colaboran no Campus mediante a súa integración no “*Cluster 2 de I+D*”, ocupándose directamente da liña estratéxica de “Turismo e Patrimonio Cultural”. A Facultade tamén participa na elaboración do programa de Doutoramento do Campus da Auga, en idéntica liña estratéxica de I+D. Neste ámbito de traballo, tanto a Facultade como os seus grupos de investigación preséntanse habitualmente a convocatorias de proxectos competitivos internacionais como, por exemplo, a concorrencia á convocatoria de proxectos interfronteirizos na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal no marco do Horizonte 2020, para a creación de tres rutas de turismo cultural que teñen como eixo vertebrador as bacías dos ríos Limia, Salas, Mente-Rabaçal e Tuela.

Un membro do PDI desta Facultade forma parte do Comité de Dirección do Campus da Auga, e está encargado directamente das tarefas de Transferencia e Empregabilidade e fai de conexión cos investigadores/as da titulación. Como tal, está implicado na organización de diversos eventos, entre os cales figuran os Congresos Internacionais sobre a Auga, o primeiro dos cales celebrárase en setembro de 2015, e conta cunha sección específica dedicada á Arqueoloxía e Patrimonio Termal (<http://cidat.webs.uvigo.es/index.html>). Así mesmo, un dos grupos de investigación da Facultade, o GEAAT, está dedicado especificamente á investigación e transferencia en temas de auga e historia, abrangendo unha visión multidisciplinar desde distintas áreas de coñecemento (arqueoloxía-prehistoria, xeografía, historia antiga).



ALFONSO ZULUETA DE HAZ, Presidente da Fundación Penzol,

MANIFESTA

Que a través do equipo decanal tivemos coñecemento da elaboración do Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia impartido na Facultade de Historia do campus de Ourense, centro co que temos establecido un convenio de cooperación educativa.

Queremos facer constar

- A singularidade do título dentro do Sistema Universitario de Galicia xa que é o único que abrangue un enfoque integrado entre as disciplinas de Arte, Historia e Xeografía
- Xa que no plan se establece a posibilidade de cursar a titulación na modalidade semipresencial , o que permite o acceso ao título a diferentes perfís
- Por isto consideramos que a proposta feita no Plan de viabilidade é moi interesante e merecedora de ser respaldada

Sirva a presente para amosar o noso apoio ao Plan de viabilidade e o noso desexo de que se concrete finalmente na continuidade desta titulación oficial de grao da Universidade de Vigo e para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente.

Vigo, 27 de abril de 2015



CONCELLO
DE
PONTEAREAS
(Pontevedra)

1C0492/RVP34

Don Salvador González Solla con DNI nº35551496M en calidade de Alcalde do concello de Ponteareas (Pontevedra)

DECLARO:


A través do equipo decanal tivemos coñecemento da elaboración do Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia impartido na Facultade de Historia do campus de Ourense, centro co que temos establecido un convenio de cooperación educativa. Queremos facer constar:

- A singularidade do título dentro do Sistema Universitario de Galicia xa que é o único que abrangue un enfoque integrado entre as disciplinas de Arte, Historia e Xeografía
- Xa que no plan establécese a posibilidade de cursar a titulación na modalidade semipresencial , o que permite o acceso ao título a diferentes perfís
- Por isto que consideramos que a proposta feita no Plan de viabilidade é moi interesante e merecedora de ser respaldada

sirva a presente para amosar o noso apoio ao Plan de viabilidade e o noso desexo de que se concrete finalmente na continuidade desta titulación oficial de grao da Universidade de Vigo e para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente o 21 de abril de 2015.

O Alcalde,

Salvador González Solla.



**UNIVERSIDADE DE VIGO. CAMPUS DE OURENSE- FACULTADE DE HISTORIA-
Secretaría do Decanato- EDIFICIO DE FERRO**

32004 OURENSE



CONCELLO
DE
PONTEAREAS
(Pontevedra)

**ROSAANA VELASCO PEREZ, COMO TÉCNICA DE EMPREGO E
DESENVOLVEMENTO LOCAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS E
COORDINADORA DAS PRÁCTICAS EXTERNAS COAS DISTINTAS UNIVERSIDADES**


DECLARO:

A través do equipo decanal tivemos coñecemento da elaboración do Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia impartido na Facultade de Historia do campus de Ourense, centro co que temos establecido un convenio de cooperación educativa. Queremos facer constar:

- A singularidade do título dentro do Sistema Universitario de Galicia xa que é o único que abrangue un enfoque integrado entre as disciplinas de Arte, Historia e Xeografía
- Xa que no plan establécese a posibilidade de cursar a titulación na modalidade semipresencial , o que permite o acceso ao título a diferentes perfís
- Por isto que consideramos que a proposta feita no Plan de viabilidade é moi interesante e merecedora de ser respaldada

sirva a presente para amosar o noso apoio ao Plan de viabilidade e o noso desexo de que se concrete finalmente na continuidade desta titulación oficial de grao da Universidade de Vigo e para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente o 21 de abril de 2015.

ROSAANA VELASCO PEREZ



TÉCNICA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

D./Dna. Yolanda Alvarez González

Como representante da empresa Terra-Arqueos S.L, adicada a posta en valor do Patrimonio Cultural

INFORMA

Que a través do equipo decanal tivemos coñecemento da elaboración do Plan de viabilidade do *Grao en Xeografía e Historia* impartido na Facultade de Historia do campus de Ourense, centro co que temos establecido un convenio de cooperación educativa. Queremos facer constar:

- A singularidade do título dentro do Sistema Universitario de Galicia xa que é o único que abrangue un enfoque integrado entre as disciplinas de Arte, Historia e Xeografía
- Resaltar que no plan establécese a posibilidade de cursar a titulación na modalidade semipresencial , o que permite o acceso ao título a diferentes perfís
- Consideramos que a proposta feita no Plan de viabilidade é moi interesante e merecedora de ser respaldada

Sirva a presente para amosar o noso apoio ao Plan de viabilidade e o noso desexo de que se concrete finalmente na continuidade desta titulación oficial de grao da Universidade de Vigo e para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente o día 21 de abril de 2015.



TERRA-ARQUEOS S.L.
Ampérido 6, 3ª
28011 MADRID

Yolanda Alvarez González

Terra-Arqueos SL



Xulio Rodríguez González, Facultativo do Corpo Superior de Arquivos Bibliotecas e Museos, sección Museos, Director do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

EXPÓN:

Que, como membro da Comisión de Garantía Interna de Calidade e a través do equipo decanal tiven coñecemento da elaboración do Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia impartido na Facultade de Historia do campus de Ourense, centro co que temos establecido un convenio de cooperación educativa.

FAI CONSTAR:

Que este Grao en Xeografía e Historia ten a singularidade de que é único que con este título se imparte no sistema Universitario de Galicia, abranguendo un enfoque integral entre as disciplinas de Arte, Historia e Xeografía.

E que as medias adoptadas no Plan viabilidade, como establecer a posibilidade de cursar a titulación na modalidade semipresencial, que permite o acceso ao título a diferentes, son as correctas e moi interesantes e merecedoras de ser respaldadas.

Sirva pois, a presente para amosar a noso apoio incondicional ao Plan de viabilidade e que poida continuar esta titulación oficial de grao da universidade de Vigo. E para que así conste aso efectos oportunos, asino a presente en Ourense a vinte e dous de abril de dous mil quince.

Facultade de Historia
Universidade de Vigo
Ourense

Na Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), e a través do equipo decanal da Facultade de Historia da Universidade de Vigo, tivemos coñecemento da elaboración do Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia impartido na Facultade de Historia do campus de Ourense, centro co que temos establecido un convenio de cooperación educativa.

Queremos facer constar o noso apoio ao Plan de Viabilidade xa que, ademais de manter a singularidade do título dentro do Sistema Universitario de Galicia debido a que é o único que abrangue un enfoque integrado entre as disciplinas de Arte, Historia e Xeografía, establece a posibilidade de cursar a titulación na modalidade semipresencial, o que permite o acceso ao título a diferentes perfís e introduce o uso de novas tecnoloxías no eido da educación.

Por isto consideramos que a proposta feita no Plan de viabilidade é de alto interese e merecedora de ser respaldada polo CESGA.

Asino o presente escrito de apoio, co noso desexo de que se concrete finalmente a continuidade desta titulación oficial de grao da Universidade de Vigo.

En Santiago de Compostela, 22 de abril de 2015

Javier García Tóño

Director Xerente





Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
☎ 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

No Concello de Tomiño, a través do decanato da Facultade de Historia, tivemos coñecemento do proceso de elaboración do Plan de Viabilidade do Grao en Xeografía e Historia impartido na Facultade de Historia do campus de Ourense, da Universidade de Vigo; centro co que temos establecido un convenio de cooperación educativa e co que traballamos dun xeito asiduo noutros campos, como o de escavacións arqueolóxicas.


Queremos facer constar o noso apoio a este Plan de Viabilidade xa que, ademais da súa singularidade dentro do Sistema Universitario de Galicia, é o único que abrangue un enfoque integrado entre as disciplinas de Arte, Historia e Xeografía. Ademais, neste plan de viabilidade, establécese a posibilidade de cursar a titulación na modalidade semipresencial, gracias ó uso de novas tecnoloxías, o que permite o acceso ao título a diferentes perfís.

Por isto consideramos que a proposta feita no Plan de viabilidade é de alto interese e merecedora de ser respaldada polo Concello de Tomiño.

Asina o presente escrito de apoio, co noso desexo de que se concrete a continuidade desta titulación oficial de grao da Universidade de Vigo.

En Tomiño, 27 de abril de 2015.

Concelleira de Cultura, Deportes e Mocidade



Cristina Martínez Souto

La Directora de la Biblioteca Rosalía de Castro, Julia Jiménez López, como colaboradora en las prácticas externas de los alumnos de Historia, quiere mostrar mediante este escrito su apoyo al Plan de Viabilidad del Grao de Xeografía e Historia que se imparte en el Campus de Ourense.

Deseo destacar la relevancia del Grao de Xeografía e Historia en el Sistema Universitario de Galicia al abordar conjuntamente los estudios de Historia, Arte y Geografía, así como en el Campus de Ourense por representar la única oferta en el ámbito humanístico. Sin obviar que se trata de una titulación con una larga y consolidada tradición académica a nivel nacional.

Soy testigo de que el compromiso y apuesta por la calidad han dotado al Grao de Xeografía e Historia con unos recursos humanos y materiales de calidad contrastada, que hacen que esta titulación cuente socialmente con un reconocido prestigio en el ámbito universitario gallego.

Estoy convencida de que el reto de adaptarse a Bolonia ha permitido al Grao de Xeografía e Historia la dinamización y adaptación a los nuevos escenarios y tiempos, haciendo de esta titulación una oferta interesante para los nuevos alumnos que desean dotarse de competencias específicas para incorporarse a un mercado de trabajo donde pueden encontrar un amplio abanico de salidas profesionales.

En Ourense a 22 de abril de 2016

La Directora de la Biblioteca



D. **David Fernández Abella** con D.N.I. 53.164.475-K, arqueólogo e socio/administrador da empresa Argos S.A.S. S.L.:

En representación da empresa de arqueoloxía Argos S.A.S. S.L. declaro o noso total apoio ao Plan de Viabilidade do Grao de Xeografía e Historia impartido no Campus de Ourense, recoñecendo a súa calidade e importancia pola súa relevancia no Sistema Universitario de Galicia ao abordar conxuntamente os estudos de Historia, Arte e Xeografía.

Para que así conste a tódolos efectos,

En A Coruña, a 21 de Abril de 2015.



Fdo. David Fernández Abella

D MARTIÑO XOSÉ VÁZQUEZ MATO (dni 44480381Z)

Como representante de XEITURA: XESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL S.COOP.GAL (cif f32449514) CON SEDE EN RÚA DO HOSPITAL 10 BAIXO (ALLARIZ, OURENSE)

A través do equipo decanal tivemos coñecemento da elaboración do Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia impartido na Facultade de Historia do campus de Ourense, centro co que temos establecido un convenio de cooperación educativa. Queremos facer constar:

- A singularidade do título dentro do Sistema Universitario de Galicia xa que é o único que abrangue un enfoque integrado entre as disciplinas de Arte, Historia e Xeografía
- Xa que no plan establécese a posibilidade de cursar a titulación na modalidade semipresencial , o que permite o acceso ao título a diferentes perfís
- Por isto que consideramos que a proposta feita no Plan de viabilidade é moi interesante e merecedora de ser respaldada

Sirva a presente para amosar o noso apoio ao Plan de viabilidade e o noso desexo de que se concrete finalmente na continuidade desta titulación oficial de grao da Universidade de Vigo e para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente o día 23 de abril de 2015.



D. Mario Crecente Maseda,

Como representante da empresa **Crecente & Asociados, Consultores en Arquitectura, Patrimonio e Cultura,**

A través do equipo decanal tivemos coñecemento da elaboración do Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia impartido na Facultade de Historia do campus de Ourense, centro co que temos establecido un convenio de cooperación educativa, para a colaboración en materia de formación y adecuación do ámbito universitario á empresa, intercambiando experiencias en traballos de investigación e aplicabilidade.

Nese sentido, queremos facer constar que o Grao en Xeografía e Historia do Campus de Ourense, presenta unha serie de factores diferenciadores que consideramos de enorme interese, respecto a outros impartidos na autonomía galega. Por exemplo, é o único título dentro do Sistema Universitario de Galicia que abarca disciplinas de Arte, Historia e Xeografía que son fundamentais para dotar dunha visión global do patrimonio e a historia ós historiadores; así como presenta a posibilidade de cursar a titulación na modalidade semipresencial, que vai permitir o acceso ao título de grao en Historia e Xeografía a diferentes perfís profesionais, e sobre todo a aquela xente que por motivos diversos non poden asistir con asiduidade ás aulas da facultade.

Por lo tanto, Sirva a presente testemuña para amosar o noso apoio ao Plan de viabilidade e o noso desexo de que se concrete finalmente na continuidade desta titulación oficial de grao da Universidade de Vigo

E para que así conste ós efectos oportunos, asino a presente o día 22 de Abril 2015.



Eduardo-Breogán Nieto Muñiz

Avda. Alfonso R. Castelao, nº3, 2º esq., 32004, Ourense

629 416 663 / info@breoganarqueoloxi.com

www.breoganarqueoloxia.com

D. Eduardo-Breogán Nieto Muñiz, con D.N.I. 44445183-Y, de profesión arqueólogo baixo o nome comercial de Breogán Arqueoloxía, coa presente

MOSTRA

publicamente o seu apoio dende o punto de vista persoal e empresarial ao Plan de Viabilidade do Grao en Xeografía e Historia impartido no campus de Ourense, querendo remarcar a súa singular relevancia dentro dos programas impartidos no Sistema Universitario de Galicia ao concebir o grao cun enfoque global entre as disciplinas de Historia, Arte e Xeografía, ofrecendo así un marco formativo amplo moi acorde coa profesión que exerce, na que no día a día se ten que afrontar a situacións e contextos moi variados, no que esa formación global se fai indispensable para unha boa coordinación e execución de cada un proxectos levados a cabo.

E para que así conste aos efectos oportunos, asina

En Ourense, a 21 de abril de 2015



Breogán
ARQUEOLOXÍA

Asdo. Eduardo-Breogán Nieto Muñiz

D. Rosendo Luis Fenández Fernández

Como representante da: Excma Deputación Provincial de Ourense

A través do equipo decanal tivemos coñecemento da elaboración do Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia impartido na Facultade de Historia do campus de Ourense, centro co que temos establecido un convenio de cooperación educativa. Queremos facer constar:

A singularidade do título dentro do Sistema Universitario de Galicia xa que é o único que abrangue un enfoque integrado entre as disciplinas de Arte, Historia e Xeografía Xa que no plan establécese a posibilidade de cursar a titulación na modalidade semipresencial, o que permite o acceso ao título a diferentes perfís

Por isto que consideramos que a proposta feita no Plan de viabilidade é moi interesante e merecedora de ser respaldada

Sirva a presente para amosar o noso apoio ao Plan de viabilidade e o noso desexo de que se concrete finalmente na continuidade desta titulación oficial de grao da Universidade de Vigo e para que así conte aos efectos oportunos, asino a presente o día 22 de abril de 2015.





ANTA DE MOURA

Arqueoloxía

Vigo, tel.-fax:986460507
Pontevedra

JUAN C. CASTRO CARRERA, con N.I.F./ nº 36077693-P, arqueólogo e administrador da sociedade ANTA DE MOURA S.L., con C.I.F. nº B36179182 e enderezo en Cotarelo, nº 18, 36330 VIGO (Pontevedra), Teléfono/ fax/ 986-460507 e correo-e antademoura@antademoura.com,

Mediante o presente escrito quero manifestar o meu apoio e o de Anta de Moura ao "**Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia**" impartido no Campus de Ourense da Universidade de Vigo.

Este apoio firme basease no recoñecemento da relevancia deste Grao no ámbito do Sistema Universitario Galego, xa que é o único que aborda de xeito conxunto os estudos de Historia, Arte e Xeografía. Este enfoque transversal resulta de interese na formación de profesionais versátiles, capaces de adaptarse aos novos retos que determina a situación socioeconómica xurdida da crise económica que aínda transitamos. As habilidades e destrezas adquiridas resultarán esenciais no novo mercado laboral, aberto a novos produtos culturais que é preciso xerar e implantar, e ao desenvolvemento daqueles aínda escasamente traballados. Neste contexto o patrimonio cultural é sen dúbida un recurso estratéxico, xa que hoxe en día segue a estar infrutilizado, incluso no marco de campos supostamente desenvolvidos como o turismo cultural, cando menos no caso de Galicia.

Vigo, 23 de abril de 2015



ANTA DE MOURA

Asdo.: Juan C. Castro Carrera

ANTA DE MOURA S.L.

juancastro@antademoura.com